# REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 18.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

1.1 23067 (10/POC-003812)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do programa de axudas destinadas a apoiar as iniciativas empresariais ou de traballo por conta propia desenvoltas en Galicia por persoas residentes no exterior, co fin de promover e favorecer o seu retorno a Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

1.2 27468 (10/POC-004445)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 13 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 4 de decembro de 2017 referido ás reivindicacións do persoal da Administración de xustiza
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018*

1.3 28440 (10/POC-004571)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento do complemento de produtividade ao persoal do Consello Consultivo de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018*

1.4 28581 (10/POC-004592)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e a súa renovación, así como a necesidade de demandar ao Goberno central a anulación de todos aqueles que honran nomes relacionados coa represión franquista
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

2.1 9677 (10/PNC-001013)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, para o período 2017-2020, dun novo plan de avaliación e control das entidades instrumentais do sector público autonómico
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017*

2.2 11761 (10/PNC-001184)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa independencia do poder xudicial, a Lei 13/2015, de modificación da Lei de axuizamento criminal, e o modelo de elección do Consello Xeral do Poder Xudicial
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017*

2.3 28573 (10/PNC-002251)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa aplicación da Lei de seguridade cidadá, en particular, ás persoas participantes na manifestación contra o acto de inauguración da ampliación da ponte de Rande e a suba das peaxes da AP-9
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidente

| | |
|---|---|
| César Manuel Fernández Gil | P |

Vicepresidenta

| | |
|---|---|
| María Julia Rodríguez Barreira | P |

Secretaria

| | |
|---|---|
| Patricia Vilán Lorenzo | S |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Juan Manuel Díaz Villoslada | S |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| Antonio Mouriño Villar | P |
| María Isabel Novo Fariña | P |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| Paula Prado del Río | P |
| Carmen Santos Queiruga | EM |
| Luis Villares Naveira | EM |

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 23067(10/POC-003812)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do programa de axudas destinadas a apoiar as iniciativas empresariais ou de traballo por conta propia desenvoltas en Galicia por persoas residentes no exterior, co fin de promover e favorecer o seu retorno a Galicia

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 13:31
Nº Rexistro: 23067
Data envio: 15/01/2018 13:31:02.886

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Diego Calvo Pouso, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Con data 20 de febreiro de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia unha liña de axudas que ten por finalidade apoiar as iniciativas empresariais ou de traballo por conta propia que se desenvolvan en Galicia por galegos residentes no exterior, coa finalidade de promover e favorecer o seu retorno a Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-Cal é a valoración que o Goberno galego fai deste programa de axudas de apoio ás iniciativas empresariais dos galegos residentes no exterior?

Santiago de Compostela, 15 xaneiro de 2.018

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2018 13:26:12**

**César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2018 13:26:48**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2018 13:26:53**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2018 13:27:07**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2018 13:29:10**

**Diego Calvo Pouso na data 15/01/2018 13:29:25**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 13:31
Nº Rexistro: 23067
Data envio: 15/01/2018 13:31:02.886

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2018 13:29:34**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2018 13:30:01**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2018 13:30:16**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 27468(10/POC-004445)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 4 de decembro de 2017 referido ás reivindicacións do persoal da Administración de xustiza

*Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envio: 07/03/2018 12:52:50.284

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Carmen Santos Queiruga, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez** e **Magdalena Barahona Martín**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

Tras a comparecencia do Conselleiro de vicepresidencia no Pleno do Parlamento de data 6/3/2018 toda a cámara puido comprobar a falta de vontade política de rematar coa folga indefinida dos traballadores e traballadoras de Xustiza que acada a día de hoxe, cando se redacta esta Pregunta, o mes completo de mobilización.

Existe un Acordo parlamentario, de data 4/12/2017, que insta por unanimidade da cámara ao Goberno a acadar un acordo, xa que as reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras son xustas.

Lonxe de favorecer iso, o Goberno dificultou ese acordo mediante a súa actitude durante as negociacións, tanto nas ofertas realizadas como nas condicións de cumprimento temporal nas mesmas; mediante a obstaculización dos dereitos fundamentais dos traballadores/as impoñendo uns servizos mínimos abusivos na folga ou tratando de evitar que se puidese dispoñer durante o mes de febreiro de días festivos. Finalmente, o equipo negociador, funcionando máis como

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envio: 07/03/2018 12:52:50.284



provocador que como conciliador, fan na práctica imposible o acordo, só imputable á actitude da Xunta de Galicia e non á representación dos sindicatos do Comité de Folga.

A situación é insostible no tempo, tanto polo dano que se infrinxe ao servizo público ao nos negar toda a sociedade melloras que son indispensables para o bo funcionamento da Xustiza como polo sufrimento innecesario que se causa a uns traballadores que con nóminas moitos deles de apenas mil euros levan máis dun mes sen cobrar.

A loita pola reposición de prazas amortizadas, rematar coa discriminación salarial nas substitucións entre funcionarios/as; rematar co agravio salarial con outras comunidades autónomas ou poñer fin ao espolio salarial en caso de IT son medidas precisas para que a Administración sirva máis eficazmente os intereses xerais da Xustiza, garantía dun Estado democrático.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta ao Goberno:

Cando pensa o Goberno cumprir o mandato parlamentario e dar cabo das reivindicacións xustas das traballadoras e traballadores da Xustiza, en beneficio do interese xeral?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envio: 07/03/2018 12:52:50.284

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 07/03/2018 12:46:36**

**Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 12:46:41**

**Antón Sánchez García na data 07/03/2018 12:46:48**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/03/2018 12:47:10**

**Paula Vázquez Verao na data 07/03/2018 12:47:18**

**Eva Solla Fernández na data 07/03/2018 12:47:24**

**Marcos Cal Ogando na data 07/03/2018 12:47:31**

**Francisco Casal Vidal na data 07/03/2018 12:47:39**

**Luca Chao Pérez na data 07/03/2018 12:47:47**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/03/2018 12:47:54**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 07/03/2018 12:48:01**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2018 12:48:08**

**David Rodríguez Estévez na data 07/03/2018 12:48:17**

**Magdalena Barahona Martín na data 07/03/2018 12:48:23**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 28440(10/POC-004571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento do complemento de produtividade ao persoal do Consello Consultivo de Galicia

*Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28440
Data envio: 23/03/2018 14:22:37.882

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Hai case 4 anos, o presidente da Xunta de Galicia falaba do Consello Consultivo de Galicia como o "órgano asesor de máximo nivel", "faro potente" que iluminaría as tarefas da Administración autonómica.

E hai case 4 anos, o Señor Feijóo nomeaba presidente do órgano a José Luis Costa Pillado, quen prometía prudencia, ilusión, imparcialidade e austeridade, promesas incumpridas nestes case 4 anos, tamén en relación coas propias persoas traballadoras da institución: están sendo laminados dende que comezara o mandato do actual presidente; hai un reparto arbitrario do traballo e o Tribunal Supremo acaba de facer firme a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, a través da sentenza da Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018.

Lamentablemente, esta sentenza supón un varapau para o Consello Consultivo (dise que a argumentación realizada non garda relación directa coa razón de decidir da sentenza) e para a propia Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, pois foi esta a "encargada" de presentar o recurso perante o TS. A maiores, impóñense as custas procesais (2000 euros) á parte recorrente.

O anterior confirma a profunda preocupación deste grupo parlamentario pola afectación ao prestixio, obxectividade e independencia do Consello Consultivo de Galicia, polo que reiteramos a necesidade do seu cese.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28440
Data envio: 23/03/2018 14:22:37.882



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer o Goberno galego ante a recente sentenza do Tribunal Supremo -Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018- que confirma a condena ao Consello Consultivo de Galicia?
2. Que opinión lle merece entón ao Goberno a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, de data 13 de xaneiro de 2017, que condenaba ao órgano a pagar os complementos de produtividade do persoal que o propio presidente decidira eliminar de maneira arbitraria?
3. Vai esixir o Goberno que sexa o propio presidente do Consello Consultivo quen abone persoalmente a ampliación do orzamento para o pago dos complementos de produtividade do persoal e as custas do procedemento ante o Tribunal Supremo?
4. Entende agora o Goberno que o presidente do Consello Consultivo está a incumprir gravemente os deberes do seu cargo?
5. Entende o Goberno que está en xogo o prestixio da institución?
6. Considera preciso o cesamento do presidente do Consello Consultivo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2018 14:19:15**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2018 14:19:24**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28440
Data envio: 23/03/2018 14:22:37.882

Grupo Parlamentario

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 14:19:29**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 28581(10/POC-004592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e a súa renovación, así como a necesidade de demandar ao Goberno central a anulación de todos aqueles que honran nomes relacionados coa represión franquista

*Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28581
Data envio: 28/03/2018 12:53:54.400

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Pouco despois da morte do Ditador Francisco Franco, o seu sucesor Juan Carlos de Borbón concedía á súa descendencia os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, coa dignidade de Grandeza de España. Con estes títulos a Monarquía lexitimaba e concedía privilexios á familia do Ditador, unha situación que se mantivo por decisións dos sucesivos gobernos do Estado. E asemade dáballe continuidade e lexitimidade á concesión de títulos nobiliarios por parte do Ditador a destacados dirixentes fascistas, títulos que foron renovados por todos os gobernos de España e sancionados polo Monarca.

A concesión dos citados privilexios, a apropiación por parte da familia Franco de propiedades e bens públicos, a impunidade dos crimes do franquismo, o esquecemento das vítimas da Ditadura conforman unha páxina negra da transición e poñen en evidencia as eivas do rexime do 78. Constitúen unha vergoña para a democracia, unha ofensa para as vítimas e un ataque á dignidade colectiva do pobo galego.

O pasado luns 26 de marzo o BOE publicaba a solitude de Carmen Martínez Bordiú para herdar o título do Ducado de Franco. Unha herdanza polo demais libre de cargas por decisión no seu día de Juan Carlos I.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28581
Data envio: 28/03/2018 12:53:54.400

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xuizo do BNG e de moitas persoas e entidades, a pervivencia destes títulos é incompatíbel co respecto aos valores democráticos e co recoñecemento á memoria de centos de miles de persoas que foron vítimas da Ditadura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Está de acordo o goberno galego coa concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e coa renovación dos citados privilexios?

Que medidas prevé adoptar o goberno galego para rematar con este atentado aos valores democráticos e con esta ofensa á memoria das vítimas da Ditadura?

Considera necesario demandar ao goberno do Estado a anulación de todos os títulos nobiliarios que honran a nomes relacionados coa represión franquista?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28581
Data envio: 28/03/2018 12:53:54.400

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2018 12:46:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2018 12:47:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2018 12:47:05**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2018 12:47:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2018 12:47:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2018 12:47:10**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 9677(10/PNC-001013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, para o período 2017-2020, dun novo plan de avaliación e control das entidades instrumentais do sector público autonómico

*Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 10:26
Nº Rexistro: 9677
Data envio: 31/05/2017 10:26:07.104

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Segundo o Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas correspondente ao exercicio 2014 presentado polo Consello de Contas na Memoria de actividades de 2015, Galicia é a quinta Administración autonómica con maior número de entes instrumentais, tras Cataluña, Andalucía, Madrid e Valencia. Conforme ao inventario elaborado polo Ministerio de Facenda, do total de 1.866 entes, Galicia conta con 114.

A Lofaxga (Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia) regulamentou de forma máis completa o noso sector público, creando un rexistro de entidades dependentes e establecendo uns criterios xerais para a súa creación; máis este rexistro nin se regulou nin foi posto en funcionamento, eiva que dificulta a delimitación exacta das entidades que conforme á lei deben ter a consideración de integrantes do sector público autonómico. Ademais, sinala tamén o Consello de Contas, non se fixo a conversión dalgúns entes públicos nas formas xurídicas previstas na Lei (principalmente en axencias).

A partir destas consideracións, o Consello de Contas delimita o sector público autonómico de Galicia nas seguintes categorías:

| | |
|---|---|
| Organismos autónomos e entidades públicas de consulta | 12 |
| Axencias públicas autonómicas | 15 |
| Entidades públicas empresariais | 03 |
| Consorcios do sector público autonómico | 19 |
| Sociedades mercantís públicas autonómicas | 26 |
| Fundacións do sector público autonómico | 35 |
| TOTAL | 110* |

*Respecto do Inventario do Ministerio de Facenda, exclúense a Administración xeral e as tres Universidades galegas, que non teñen a consideración de dependentes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 10:26
Nº Rexistro: 9677
Data envio: 31/05/2017 10:26:07.104



A Xunta de Galicia desenvolveu en 2010, 2011 e 2014 tres plans de avaliación e racionalización do sector público autonómico, plans que non foron publicados e non contan con información dispoñible de seguimento segundo observa o propio Consello de Contas, polo que se debe acudir á única información oficial que publica o Ministerio de Facenda.

Non obstante, o Consello de Contas indica que moitas das entidades eliminadas teñen unha importancia económica residual, coma por exemplo as fundacións de desenvolvemento comarcal que representan máis da metade das entidades suprimidas. O aforro total representa menos do 1 % dos fondos xestionados polo sector. De feito, o tamaño do sector instrumental, tendo en conta o volume de recursos xestionados en termos relativos, non decreceu nos últimos anos, sobre todo debido á creación de axencias que pasaron a xestionar de forma descentralizada sectores de actividade que ata agora se desenvolvían por parte das propias consellerías (infraestruturas, xestión tributaria, modernización e innovación tecnolóxica, etc.).

No seu informe, o Consello de Contas detecta ademais unha serie de defectos na información rendida que deben corrixirse para mellorar, por unha banda, o nivel de transparencia na xestión económica do sector instrumental e, por outra, os sistemas de control, tanto financeiros como operativos, polo que formula as necesarias recomendacións á Xunta de Galicia.

Por outra parte, e como xa temos instado en diferentes iniciativas desde o Grupo Parlamentario Socialista, urxe avanzar de forma decidida nas medidas de prevención e loita contra a corrupción, tamén no ámbito dos entes instrumentais do noso sector público.

O artigo 2 da lei 14/2013, do 26 de decembro, encomenda á consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa a elaboración, polo menos, con carácter trianual, de plans de racionalización e reestruturación que analicen a estrutura organizativa e a dimensión orgánica da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico, tomando como referencia o principio de racionalización do gasto e a mellora da xestión do sector público.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 10:26
Nº Rexistro: 9677
Data envio: 31/05/2017 10:26:07.104

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha para o período 2017-2020 un novo plan de avaliación e control das entidades instrumentais do sector público autonómico, que contemple a mellora da transparencia, novos mecanismos de control financeiro e operativo e a avaliación dos riscos de fraude como eixos básicos de actuación.

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/05/2017 10:14:26**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2017 10:14:42**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/05/2017 10:14:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/05/2017 10:14:59**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 11761(10/PNC-001184)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa independencia do poder xudicial, a Lei 13/2015, de modificación da Lei de axuizamento criminal, e o modelo de elección do Consello Xeral do Poder Xudicial

*Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 12:48
Nº Rexistro: 11761
Data envio: 06/07/2017 12:48:04.168

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentar de EN MAREA,** por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo ,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 1.ª,** relativa á independencia do poder xudicial no Estado español.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro do 2016, o Grupo de Estados contra a Corrupción (GRECO), dependente do Consello de Europa, emitía un duro informe no que recoñecía a falta de independencia do poder xudicial en España, resaltando a pouca vontade por parte do Goberno central de modificar o sistema de elección de membros do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Nos últimos meses, unha serie de episodios con cambios de fiscais cando estes estaban investigando supostos casos de corrupción en España, poñen en cuestión, non só a independencia do poder xudicial, senón tamén a igualdade ante a lei, recollido no artigo 14 da Constitución española. Estas accións tiveron unha importante axitación mediática e causaron unha gran preocupación e descontento social, implantándose entre a cidadanía a sensación de impunidade ante casos determinados.

A percepción de que en España existe unha lei para cidadáns de primeira e outra para cidadáns de segunda, reflexa que o noso sistema xudicial necesita dunha reforma urxente que garanta a independencia do mesmo. A separación de poderes, esencia dun Estado democrático, non se ve garantida pola persecución

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 12:48
Nº Rexistro: 11761
Data envio: 06/07/2017 12:48:04.168



de aqueles xuíces e fiscais que intentan facer o seu traballo correctamente. A impunidade dos delitos relacionados coa corrupción e a intervención do Ministerio de Xustiza no recorte da acusación particular, unido o acortamento dos prazos de instrución que supón a reforma da Lei 13/2015, de 5 de outubro de modificación da Lei de Enxuiciamento Criminal, dificulta enormemente a investigación dos casos de corrupción.

Por todo isto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei:**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno de España para que:

1. Garanta a independencia do poder xudicial, non cambiando fiscais en procesos en curso, especialmente en investigacións de casos de corrupción.
2. Derrogar a Lei 13/2015, de 5 de outubro de modificación de Lei de Enxuiciamento criminal.
3. Modificar o modelo de selección do Consello do Poder Xudicial.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira s. e deputado do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 12:48
Nº Rexistro: 11761
Data envio: 06/07/2017 12:48:04.168

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 12:46:06**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 12:46:11**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Día: 18.04.2018 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 28573(10/PNC-002251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa aplicación da Lei de seguridade cidadá, en particular, ás persoas participantes na manifestación contra o acto de inauguración da ampliación da ponte de Rande e a suba das peaxes da AP-9

*Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envio: 28/03/2018 11:39:08.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de decembro 9 simpatizantes e militantes do BNG participaron nunha protesta pacífica contra o acto de "inauguración" da ampliación da Ponte de Rande. Tratábase dun acto de denuncia do expolio da AP 9 e do trato de favor dos gobernos español e galego coa concesionaria da autoestrada. E tamén dunha protesta polo feito de "inaugurar" a ampliación da ponte cando as obras aínda non estaban rematadas.

Nos pasados días estas nove persoas recibiron a notificación dunha multa de 100 euros por interromper o tráfico da AP 9. Máis alá de que non houbo ningunha interrupción do tráfico, a realidade é que se multa a quen protesta contra os abusos das peaxes ea quen denuncia os perxuicios para Galiza da xestión da autoestrada, mentres que a concesionaria aínda non foi obxecto de ningún expediente sancionador nin multa. E non só iso, senón que se beneficia de prebendas, privilexios e decisións que engordan a súa millonaria conta de beneficios.

A represión por parte do Estado en forma de multas forma parte dun proceso máis amplo de involución democrática e de persecución da protesta, da diversidade

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envio: 28/03/2018 11:39:08.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ideolóxica e da discrepancia política. A multas non son polo tanto un episodio illado. Forman parte dunha estratexia xeral que ten como finalidade perseguir e recortar dereitos e liberdades fundamentais. Tanto a lei de seguridade cidadá (coñecida como lei mordaza) como a modificación do código penal teñen por obxecto perseguir, sancionar, multar, denunciar e mesmo encadear a persoas que exercen dereitos fundamentais nunha sociedade democrática.

Multas a estudantes por manifestarse, sancións a mozas e mozos por facer un mural, multas por exhibir unha bandeira galega nun estadio de fútbol, ou por exercer o dereito de folga ou de manifestación. Denuncias e penas de prisión para sindicalistas, para artistas por letras de cancións.. son realidades cada vez máis habituais e que teñen como finalidade amedrentar e censurar.

Trátase dun proceso represivo e regresivo, dun ataque contra as liberdades e contra a democracia que está a poñer ao estado español en evidencia e que está dando lugar a sentenzas contrarias do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e a medidas cautelares do Comité de Dereitos Humanos da ONU.

Polo anteriomente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento galego adopta como resolución manifestar o rexeitamento contra o proceso de involución democrática e de restricción das liberdades que se está a producir no estado español. Asemade, denuncia o uso abusivo da lei de seguridade cidadá para perseguir e multar a persoas que se manifestan pacificamente contra a suba das peaxes ao tempo que se protexen e se favorecen os intereses de AUDASA, concesionaria da autoestrada AP 9.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envio: 28/03/2018 11:39:08.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao mesmo tempo, o Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a dirixirse ao goberno do Estado para demandar a derrogación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como "lei mordaza."

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2018 11:38:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2018 11:38:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2018 11:38:40**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envio: 28/03/2018 11:39:08.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2018 11:38:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2018 11:38:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2018 11:38:50**